



Organiza:

Real Academia Galega de Belas Artes

Praza do Pintor Álvarez de Sotomayor, 1
15001 A Coruña
Teléfono y fax 981 211 602
info@academiagalegabelasartes.gal
Www.academiagalegabelasartes.gal

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR CAPACIDADE

Patrocinan:



Real Academia Galega de Belas Artes



Bicentenario Marcial del Adalid (1826-1881)
MARTES DAS ARTES 2026

CONCERTO

"Marcial del Adalid: O Eco do Piano Galego"

VENTO DOLCE

Gemma Román, *Soprano*; Andreina Muñoz, *Piano*

Martes, 28 de abril de 2026
Ás 19:30 horas
Salón de Actos da Academia

VENTO DOLCE

O dúo Vento Dolce nace en 2015 na cidade da Coruña como resultado dun cruzamento de camiños entre dous profesionais da música de sólida formación académica. A agrupación xorde coa vocación de explorar e difundir a beleza da linguaxe musical universal a través de propostas rigorosas e emotivas. No seu actual espectáculo, "Marcial del Adalid: O Eco do Piano Galego", o dúo propón unha viaxe a través a sensibilidade do compositor coruñés, rescatando pezas que amalgaman o romanticismo europeo coa esencia popular da terra galega.

MARCIAL DEL ADALID O ECO DO PIANO GALEGO

Este programa propón unha viaxe pola sensibilidade de Marcial del Adalid (1826–1881), figura central na transición do romanticismo musical español e pioneiro na dignificación da identidade sonora de Galicia. Coetáneo de Mariano Soriano Fuertes —de quen escoitaremos a emotiva peza de despedida "La partenza"—, Adalid conseguiu amalgamar o virtuosismo europeo coa alma popular da súa terra natal.

Entre a Aldea e o Salón

A primeira parte do recital mergúllase nos Cantares vellos e novos de Galicia. A través dunha cuidada selección das Series I, II e IV, a música transita desde a profunda melancolía de "Soedades" e a tenrura de "Canto do berce", ata a vitalidade rítmica de "A xolda". Estas pezas non son simples transcricións folclóricas; son recreacións artísticas onde o piano dialoga co espírito da romaría e coa intimidade do fogar galego.

O Piano Narrativo

Como ponte emocional, as obras para piano só revelan a faceta máis introspectiva do compositor. Mentres o nocturno "Gratitud" e o profundo "Lamento" exploran texturas líricas e densas, a polca "La pasionaria" devólvenos á elegancia dos salóns decimonónicos, lembrándonos que Adalid foi un mestre das formas breves e da danza social.

Lírica Universal e Patria

O peche do programa destaca as Melodías para canto e piano, onde Adalid lle pon música á gran literatura europea. Ao musicar a xigantes como Víctor Hugo, Lamartine e Armand Silvestre, o compositor sitúa a música española no mapa da mélodie francesa, resaltando ao tempo as súas raíces coa carga nostálgica de "Lonxe da patria", sobre versos de Francisco de la Iglesia.

Adaptadas orixinalmente ao castelán para favorecer a interpretación doméstica da época, estas pezas —desde a delicadeza de "O grilo" ata a intensidade de "Declaración"— representan a culminación dun estilo que é, ao mesmo tempo, cosmopolita e profundamente persoal.

PROGRAMA

"MARCIAL DEL ADALID O ECO DO PIANO GALEGO"

VENTO DOLCE

GEMMA ROMÁN, SOPRANO; ANDREINA MUÑOZ, PIANO

MARCIAL DEL ADALID

*CANTARES VIEJOS Y NUEVOS DE GALICIA
(SELECCIÓN DAS SERIES I, II)*

SOEDADES (SERIE I Nº 1)

CANTO DO BERCE (SERIE I Nº 5)

NON TE QUERO POR BONITA (SERIE II Nº 6)

GRATITUD "NOCTURNO"

*CANTARES VIEJOS Y NUEVOS DE GALICIA
(SELECCIÓN DA SERIE IV)*

A XOLDA (SERIE IV Nº1)

PESOLLE! (SERIE IV Nº 4)

LAMENTO

MARIANO SORIANO FUERTES

Fillo de Indalecio Soriano Fuertes (profesor de Adalid en Madrid) compón esta peza e dedícalla a Adalid antes de partir para Londres.

LA PARTENZA

MARCIAL DEL ADALID

LA PASIONARIA "POLKA"

*MELODÍAS PARA CANTO CON ACOMPAÑAMENTO DE PIANO
(POESÍAS FRANCESA E ESPAÑOLA DE AUTORES CÉLEBRES)*

Estas pezas adoitábanse traducir ao castelán para que las familias españolas puideran interpretalas

¡OH! COMO LAURA (poesía de Víctor Hugo)

EL GRILLO (poesía de Alphonse Lamartine)

LA TUMBA DICE A LA ROSA (poesía de Víctor Hugo)

LEJOS DE LA PATRIA (poesía de Francisco de la Iglesia)

fundador do primeiro diario en galego

DESAPARECIÓ LA DULCE MAGA (poesía de Armand Silvestre)

DECLARACIÓN (poesía Víctor Hugo)

BIS: LELA (Rosendo Mato Hermida, arranxo de Juan Durán)